

R. 1273

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRES PEÓNS, UN PEÓN-CONDUTOR, UN XEFE DE BRIGADA E DOUS CONDUTORES DE MOTOBOMBA**

Por Decreto de Alcaldía de data 19 de xuño de 2020 aprobáronse as bases para a contratación temporal de tres peóns, un peón conductor, un xefe de brigada e dous condutores de motobomba, en virtude da Addenda ao Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019.

**Tipo de contrato:** Contrato laboral temporal

**Duración:** 3 meses

**Sistema selectivo:** Concurso - oposición

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org)).

A Fonsagrada, 22 de xuño de 2020.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1282

## LUGO

### *Anuncio*

**Ilma. Sra. dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. De Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Vista a existencia de varios postos de traballo vacantes na Relación de postos de traballo deste Concello (BOP de Lugo do 29/5/2020)

De acordo co disposto no artigo 92 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, así como, no artigo 52 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civis da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Efectuar a convocatoria para proveer varios postos de traballo de libre designación, con arreglo ás seguintes bases:

Primeira.- Os postos de traballo que se convocan poderán ser solicitados polos funcionarios/as públicos de calquera Administración pública que reúnan os requisitos establecidos para o seu desempeño e que se relacionan no anexo I da presente Resolución.

Segunda.- Os/as interesados/as dirixirán as súas solicitudes, segundo modelo do anexo II, á Sra. Tenenta de Alcaldesa delegada de Gobernanza: Economía e Recursos humanos

Terceira.- As solicitudes presentaranse dentro do prazo de quince días hábiles, contados desde o día siguiente ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado, no Registro Xeral do Concello de Lugo, Ronda da Muralla, 197, 27002, Lugo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cuarta.- Ademáis dos datos consignados no modelo de solicitude, os aspirantes acompañarán á mesma o seu currículum vitae, no que figuren títulos académicos, anos de servicio, postos de traballo desempeñados na Administración, estudios e cursos realizados e outros méritos que se estime oportuno poñer de manifiesto. Así mesmo farán constar detalladamente as características do posto de traballo que viñeran desempeñando.

Quinta.- A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Diario Oficial de Galicia e anuncio da mesma no Boletín Oficial do Estado

Sexta.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que dicta o acto, conforme ao disposto nos artigos 123